

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN
INTERNA, DUNHA PRAZA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL, FUNCIONARIO DE
CARREIRA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022
PUBLICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE
OPOSICION**

O 12 de xuño de 2023 realizouse o primeiro exercicio da fase de oposición, cuestionario tipo test, do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha praza de oficial da Policía Local correspondente á oferta de emprego público 2022, ao que se presentaron dúas das catro persoas que estaban convocadas.

De conformidade co previsto nas bases oitava e novena das que rexen a convocatoria, ese mesmo día publicouse no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no Centro Sociocultural da Ramallosa (lugar de realización do exercicio) o cadro das respostas correctas.

De acordo co previsto na base oitava das que rexen a convocatoria, por medio do presente faise **pública a puntuación obtida polos aspirantes presentados** publicándose no Centro Sociocultural da Ramallosa, lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios, e na páxina web municipal (www.teo.gal), concedéndose un prazo de **cinco (5) días hábiles** para os efectos de **alegacións**, prazo que se contará dende o día seguinte ao da publicación do presente nos lugares indicados, publicación que terá lugar no día da data, 13 de xuño de 2023, rematando o prazo o martes 20 de xuño de 2023.

De acordo co exposto, e segundo os criterios establecidos nas Bases que rexen a convocatoria, a puntuación obtida foi a seguinte:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
GÓMEZ MIRAMONTES, JOSÉ MARTÍN	5,666
ORGE GARCÍA, IGNACIO	5

Tendo en conta o disposto na base oitava das que rexen a convocatoria, que esixe unha puntuación mínima de 5 puntos para non quedar eliminado, os aspirantes indicados **acadaron a puntuación necesaria para superar o primeiro exercicio da fase de oposición.**

Teo, 13 de xuño de 2023.

A secretaria do Tribunal

Virginia Fraga Díaz